



## INFORME DE INTERVENCIÓN FUNDACIÓN DEPORTES

**ASUNTO: Emisión de Informe de Morosidade e PMP do 4º trimestre 2021.**

### LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004.
- Orden Ministerial HAP/2015/2012, Obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012.
- Orden Ministerial HAP/2082/2014, de modificación da Orde HAP/2015/2012
- RD Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
- RD 635/2014, de 25 de xullo, de Cálculo del Período Medio de Pago, modificado polo RD 1040/2017.

### INFORME:

**Primeiro:** No artigo 4º da Lei 15/2010 se establece "(...) 3- Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Entidades Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e cuantía global das obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo."

En consecuencia determinase a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir, en todo caso, aos órganos competentes, un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigas de cada entidade.

**Segundo:** A Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, por a que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, foi a que determinou o procedemento a seguir para a súa remisión, artigo 5:

*"1. A las obligaciones de remisión de información se les dará cumplimiento por **medios electrónicos** a través del sistema que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas habilite al efecto, y mediante **firma electrónica** avanzada basada en un certificado reconocido, de acuerdo con la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica, salvo en aquellos casos en los que el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas considere que no es necesaria su utilización.*

*2. El envío y captura de la información prevista en esta Orden se realizará a través de modelos normalizados o sistemas de carga masiva de datos habilitados al efecto (...)."*

Logo de varias reformas ás Leis 3/2004 e 15/2010, entre as que cabe destacar: o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización



e sostibilidade de la Administración Local, a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, así como a Orde Ministerial HAP/2105/2012 e Orde HAP/2082/2014, determinase a contexto actual das obrigacións de subministro de información en relación ás aplicacións informáticas, contido e modelos dos informes trimestrais de morosidade.

**Terceiro:** O sistema habitual de entrada de facturas é o rexistro electrónico do sector público FACE, que son incorporadas ao rexistro contable do OAAA. Aquelas outras facturas que non teñen obrigación de presentarse por ese medio son rexistradas manualmente no rexistro contable do organismo autónomo.

**Cuarto: Prazos de pago:** O artigo 198.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público establece:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra, o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados (.....) y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004 (...)Para que haya lugar al inicio del computo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio”*

**O apartado 4 da Disposición Final Sexta do RDL 4/2013 introduce unha nova Disposición Adicional 33ª do TRLCSP que regula a obriga do contratista de presentar a factura ante o correspondente rexistro Administrativo.** En consecuencia tómase como referencia para o cálculo do prazo para o abono das facturas a data do rexistro administrativo correspondente.

De tratarse de contratos de obra, se terá en conta a data da expedición das certificacións de obra, e no seu caso, das facturas.

A Fundación de Deportes é un organismo autónomo do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que nos atopamos coas seguintes dificultades:

- 1.- Nos contratos de servizos, algunha das facturas se dirixen ó Concello ou Intervención Xeral, e posteriormente se rexistran no rexistro de facturas da Intervención Delegada, sendo conformadas posteriormente polos responsables. Na maioría dos casos a conformidade dilata o procedemento dado que non se poderá recoñecer e pagar unha factura mentres non estea conformada.
- 2.- Nos contratos de suministros a maior parte das facturas non especifican a data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos, debido a que estes extremos se recollen nos correspondentes albarás. Os albarás non se entregan sempre nesta Intervención. Por outra banda, moitas facturas recollen diversos suministros, existindo para cada un dos suministros que recolle a factura un albará diferente.

**Esta Intervención Delegada tera en conta a data de entrada mais antiga, entre a data de rexistro na plataforma FACE, data de entrada no rexistro do Concello, na Intervención municipal, ou na Intervención Delegada.**



**Quinto: Intereses e Custes de la demora:** O artigo 33 do RDL 4/2013, na modificación que realiza da Lei 3/2004, establece que o tipo legal de interese de demora será a suma do tipo de interese aplicado polo Banco Central Europeo mais oito puntos porcentuais, así mesmo establécense os custes de cobro de 40 € de carácter fixo cando se incorra en mora, que se engadirá en todo caso e sen necesidade de petición expresa á débeda principal. Ademais o acreedor terá dereito a reclamar unha indemnización por tódolos custes de cobro debidamente acreditados e sempre que superen a cantidade de 40 €.

**Sexto: Ámbito de Aplicación:** De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, este Informe refírese aos contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, é dicir, con posterioridade ao 7 de xullo de 2010. Se inclúen así mesmo na relación os contratos menores. **Non obstante a Disposición Transitoria 3ª do RDL 4/2013 establece que a partir dun ano dende a súa entrada en vigor, a lei 3/2004 deberá aplicarse a todos os contratos en vigor.**

**Sétimo: PMP:** O RD 365/2014, modificado polo RD 1040/2017, sobre o cálculo do PMP establece a metodoloxía económica para o cálculo e a publicidade do Período Medio de Pago a provedores das Administracións públicas, así como as condicións para a retención de recursos de financiación Estatal. Terase en conta todas as facturas emitidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións mensuais de obra. En caso de incumprimento iníciase o procedemento de retencións da participación dos tributos do Estado á que ese Concello teña dereito segundo o establecido no citado RD.

**Oitavo: Contido do Informe:** A Orde Ministerial HAP/2082/2014 que modifica a Orde Ministerial HAP/2105/2012 establece que: “ O informe trimestral,....., no que se incluírá, ao menos, segundo a metodoloxía establecida para o cálculo do Período Medio de Pago a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores, **así como as operacións pagadas e pendentes de pago de cada entidade e do conxunto da Corporación Local**”

Polo tanto modifícase a estrutura dos informes a cumprimentar en relación aos informes trimestrais de morosidade, para adaptarse as modificacións realizadas nas últimas normas legislativas aprobadas.

O programa contable de AYTOS elabora o informe de morosidade adaptado á estrutura que establece a lexislación vixente, mediante a obtención dun arquivo XML que se carga na plataforma do Ministerio.

**Noveno:** O período temporal deste informe abrangue dende o 1-10-2021 a 31-12-2021, (4º trimestre do 2021).



### En Consecuencia:

Examinada a contabilidade e realizando os axustes e consideracións indicadas no informe, resulta:

**a) Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 33,90 días**, o que deberá terse en conta para axilizar a tramitación e pago das facturas, aos efectos do RD 635/2014 de PMP. Este período de pago mellora os datos de anteriores trimestre, pasando de 26,70 días a 33,90 días.

**b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:**

Dentro do período legal de pago	121.372,61 €
Fora do período legal de pago	0,00 €

**c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 135.449,55 €, fora do período legal de pago 26,62 €.**

**d) O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 5,32 días**, tendo en conta que se consideran 60 días dende o rexistro da factura (30 días para aprobación e 30 días para o pago), o que significa que a Fundación de Deportes está a pagar as facturas dentro dos 30 días de aprobación das facturas. Este dato empeora con respecto ao trimestre anterior pasando de 0,72 días a 5,32 días.

A documentación e datos correspondentes cárganse na plataforma do Ministerio nos prazos establecidos. Este informe deberá someterse ao coñecemento, e no seu caso debate polo Consello Reitor e no Pleno da Corporación, e remitirse, en todo caso, ao Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, segundo á normativa autonómica, teña competencia na materia.

O que poño en coñecemento do Presidente ós efectos oportunos.

Vilagarcía de Arousa, sinatura dixital.

A Interventora Delegada,  
Asdo: Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro.

